

CONVOCATORIA E BASES ESPECÍFICAS DAS PRESTACIÓNS DE APOIO Á ESCOLARIZACIÓN

*** CURSO 2018/2019 ***

Artigo 1.- Base reguladora e financiamento

- a) A Concellería de Servizos Sociais e Sanidade do Concello de Oleiros propuxo á Xunta de Goberno Local, aprobar a convocatoria do procedemento para a solicitude das prestacións de apoio á escolarización, recollidas no “Regulamento de medidas pola inclusión social do Concello de Oleiros” (publicado o seu texto íntegro no BOP da Coruña, núm. 51 do 17/03/2015)
- b) O orzamento previsto para esta convocatoria do ano 2018 é de 15.000 € (quinze mil) como límite máximo, con cargo á partida orzamentaria 70.231.480.02.

Artigo 2.- Obxecto da convocatoria

O obxecto da convocatoria é a concesión das prestacións de apoio á escolarización para o curso 2018/2019, recollidas no artigo 2.d, como unha das axudas contempladas no “Regulamento de medidas pola inclusión social do Concello de Oleiros”, e reguladas máis amplamente no título IV da dita norma.

O fin destas axudas económicas, non periódicas de pagamento único e de carácter finalista, é axudar ás familias máis desfavorecidas a cubrir os gastos extraordinarios que supón o inicio do curso escolar (material escolar, roupa e calzado, pagamentos extraordinarios relacionados coa escolarización, etc.). Por imperativo legal quedan excluídas das ditas axudas aquelas unidades familiares na que os/as proxenitores/as, titores/as ou gardadores/as de feito estean en situación irregular a nivel administrativo e non posúan DNI ou NIE.

O importe destas axudas serán:

- 2º ciclo de educación infantil: 70 € (setenta euros)
- Educación primaria: 80 € (oitenta euros)
- ESO ou ciclo formativo equivalente: 90 € (noventa euros)
- Bacharelato ou ciclo formativo equivalente: 110 € (cento dez euros)

No suposto de que o número de solicitantes que cumpran os requisitos superase a previsión orzamentaria sinalada no artigo 1, serían rexeitadas as solicitudes correspondentes a familias que acaden unha renda máis elevada, ata o límite en que o crédito consignado sexa abondo para atender ás demais.

Artigo 3.- Requisitos

Con carácter xeral, os requisitos recollidos no artigo 4 do “Regulamento de medidas pola inclusión social” son:

- a) *Ter residencia efectiva e estar de alta no Padrón Municipal do Concello de Oleiros cunha antigüedad mínima de catro meses.*

Poderá exceptuarse deste requisito cando así se valore por parte do persoal técnico do Departamento de Servizos Sociais de acordo á gravidade ou a causa sobrevida da súa situación. Esta excepcionalidade deberá estar recollida expresamente e razoada no informe social que se elabore para acceder ao recurso.

- b) *Acreditar a situación económica e familiar que da acceso a cada un dos recursos, así como colaborar á hora de proporcionar a información e a documentación necesaria para poder valorala.*
- c) *Non superar a suma de ingresos de todos os membros da unidade familiar o límite establecido para cada un dos recursos. Da suma de todos estes ingresos se poderá descontar ata un máximo de 400 € en concepto de gastos ocasionados polo aluguer ou pago da hipoteca da vivenda habitual. Os límites para ter acceso aos recursos se actualizarán automaticamente na medida en que o fagan aos que fan referencia.*

Computarán como ingresos da unidade familiar todos aqueles ingresos netos que existan na unidade de convivencia en concepto de rendas, retribucións, pensións, prestacións... Agás aqueles que teñan un carácter finalista e a prestación familiar por fillo menor de 18 anos a cargo da Seguridade Social.

- d) *Con carácter xeral non ter débedas coa Facenda Local. As persoas beneficiarias poderán quedar exonerados do cumprimento desta obriga á que fai referencia o artigo 13.2 da Ley General de Subvenciones, polas especiais circunstancias de emerxencia e/o necesidade social que motivan o dereito a acceder a estas axudas dirixidas a cubrir necesidades básicas e, sempre e cando, este debidamente acreditada a imposibilidade de asumila polas circunstancias que concorren en cada caso. Esta exención deberá constar no informe de valoración.*
- e) *Presentar a solicitude no modelo normalizado e na forma que se establece no presente regulamento.*

Ademais se deberán cumprir os requisitos específicos:

- a) *Artigo 29. Serán beneficiarias aquelas unidades familiares coa renda per cápita máis baixa, ata esgotar o orzamento previsto, unha vez calculados os seus ingresos de acordo coa documentación requirida*
- b) *En todo caso, a renda per cápita familiar dispoñible, unha vez descontados os gastos máximos previstos en concepto de aluguer ou de hipoteca, non poderá superar o 65% do IPREM fixado para o ano 2018, isto é, non poderá superar os 349,60 € (trescentos corenta e nove con sesenta).*
- c) *O alumnado deberá estar escolarizado nun centro público ou concertado do Concello de Oleiros. Poderase eximir deste requisito cando se considere que está xustificada a escolarización nun centro de fóra do termo municipal por parte do persoal técnico do Departamento de Servizos Sociais.*
- d) *O alumnado deberá convivir cos seus proxenitores/as, titores/as legais ou familia de acollida. Nos supostos de cese de convivencia dos proxenitores, solicitará esta prestación a persoa titular da garda e custodia e que conviva efectivamente cos menores.*

Artigo 4.- Solicitudes

Presentarase unha única solicitude para varios menores da mesma unidade familiar.

As solicitudes dirixidas ao Alcalde-Presidente do Concello, deberán presentarse no Rexistro de Entrada do Concello de Oleiros no modelo normalizado que se facilitará tanto nos centros escolares como nas dependencias da Concellería de Servizos Sociais e Sanidade do Concello de Oleiros, e que se inclúe como anexo I da presente convocatoria, por calquera dos medios sinalados na lei 39/2015 de Procedemento Administrativo Común de las Administraciones Públicas.

A documentación que deberá acompañar a solicitude é, con carácter xeral, a prevista no artigo 5 do Regulamento de medidas pola inclusión social:

- a) Fotocopia do documento de identidade ou do permiso de residencia de todas as persoas da unidade familiar.
- b) Fotocopia do libro de familia ou documento análogo no suposto de non telo (acta ou partida de nacemento)
- c) Xustificación dos ingresos de todas as persoas maiores de 18 anos da unidade familiar dende xaneiro a abril de 2018:
 - Traballadores/as por conta allea: fotocopia das nóminas
 - Traballadores/as autónomos/as: fotocopia dos xustificantes das cotizacións á Seguridade Social. Teranse en conta como ingresos mínimos mensuais os da base de cotización á Seguridade Social.
 - Pensionistas: xustificante da pensión de incapacidade, xubilación, viuvez, orfandade,...
 - Persoas en situación de desemprego, fotocopia da tarxeta de demanda de emprego e certificado do SEPE/INEM no que se recolla se percibe ou non prestación ou subsidio por desemprego, especificando a contía mensual que corresponda e período recoñecido. Se estivo en activo nalgún momento, nos meses de xaneiro a abril de 2018, deberá presentar as nóminas deses períodos.
 - Outros: calquera outro ingreso non contemplado nos apartados anteriores, aportando o documento xustificativo correspondente en cada caso.
- d) Vida laboral de todas as persoas maiores de 18 anos da unidade familiar
- e) No caso de cese da convivencia, separación ou divorcio achegarase a sentenza e o convenio regulador, de ser o caso
- f) Copia do contrato de aluguer ou o último recibo do IBI, así como o último xustificante do pago, do aluguer ou da hipoteca, de ser o caso.
- g) Calquera outra documentación que se considere necesaria para poder valorar a situación de necesidade por parte do persoal técnico do Departamento de Servizos Sociais, como por exemplo a declaración do IRPF, extracto das contas bancarias, ...
- h) Volante de convivencia (achegarao de oficio o Concello de Oleiros)

Se a solicitude non reunise toda a documentación necesaria será solicitada na listaxe provisional que sairá publicada nas datas fixadas no procedemento que regulará estas axudas. De non achegar a documentación requirida terase por desistida na súa solicitude.

Artigo 5.- Procedemento.

O procedemento seguido para a concesión das axudas será o de concorrencia competitiva en función da renda. A instrución do procedemento corresponderá a un órgano integrado por unha auxiliar administrativa, por unha traballadora social e unha educadora social.

O órgano colexiado estará composto por unha traballadora social e unha educadora social distintas das que integran o órgano instrutor e pola coordinadora do Departamento de Servizos Sociais.

O procedemento comprenderá as seguintes actuacións:

- Unha vez que finalice a convocatoria revisaranse todas as solicitudes por parte do órgano e trasladará ao órgano Colexiado a súa proposta de listaxe provisional.
- O órgano Colexiado ratificará a modificará esta listaxe provisional e trasladará ao órgano concedente, concelleiro de servizos sociais, para a súa resolución provisional e posterior publicación, ordenada alfanuméricamente –en orde ascendente- segundo o número de identificación persoal. O estado da solicitude nese listado poderá ser:
 - Completa: no caso de que a solicitude conte con toda a documentación necesaria para a súa valoración.
 - Incompleta: no caso de que a solicitude non reúna toda a documentación necesaria para a súa valoración. Neste suposto, na listaxe provisional, requiriranse os documentos necesarios para completala.
 - Supera ingresos: cando coa solicitude se presente toda a documentación necesaria para a súa valoración e a renda per cápita familiar supere o límite máximo establecido na convocatoria.
 - Fóra de prazo: cando a solicitude presentada non respecte ás datas establecidas na convocatoria.
 - Outros: calquera situación que non cumpran cos requisitos establecidos na convocatoria.

Esta listaxe será publicada no taboleiro de edictos do Concello de Oleiros e no taboleiro do propio Departamento de Servizos Sociais e se informará á poboación da súa publicación a través da web municipal, dos paneis informativos, así como por SMS aos teléfonos móbiles que se indiquen na solicitude.

- Unha vez publicada a listaxe provisional abrirase un prazo de dez días hábiles, a contar a partir do día seguinte da súa publicación, para que as persoas interesadas presenten a documentación requirida e/ou as alegacións que estimen oportunas, advertindo que, en caso de non subsanar en prazo, proporase a súa denegación.
- Finalizado o dito prazo, o órgano instrutor procederá a revisar a documentación achegada e se elaborará a proposta de listaxe definitiva ao órgano Colexiado, quen novamente a estudiará para a súa ratificación ou modificación e posteriormente trasladar ao órgano concedente, concelleiro de servizos sociais, para a súa resolución definitiva e posterior publicación, ordenada alfanuméricamente –en orde ascendente- segundo o número de identificación persoal, indicando cales se propoñen conceder e cales denegar e por qué motivo.
- A avaliación das solicitudes efectuarase de conformidade aos criterios, formas e prioridades de valoración establecidas nesta convocatoria.

A orde de resolución na que se recollan todos/as os/as menores con dereito á dita prestación en función da renda per cápita, ata esgotar o orzamento previsto, sempre e cando cumpran todos os requisitos e non superen os límites establecidos no artigo 3 desta convocatoria, así como as solicitudes denegadas e os motivos de denegación, se ditará nun prazo máximo de 5 meses dende a publicación da convocatoria.

Ambas listas, a provisional e a definitiva, publicaranse unicamente co número do documento de identidade que as persoas solicitantes presentaran na súa solicitude.

Artigo 6.- Pagamento e xustificación

- a) O pagamento destas prestacións farase desde a Intervención Municipal mediante cheques nominativos a nome do pai, nai ou titor/a legal que presentara a solicitude, no prazo máximo de vinte (20) días desde que se dite a resolución de concesión.

As persoas beneficiarias deberán presentar no prazo dun (01) mes desde que recollan o cheque unha factura xustificativa conforme a prestación de apoio á escolarización foi utilizada para os fins que se concedeu. Para o efecto de xustificar o pagamento desta prestación deberán presentar facturas en concepto de libros e material escolar, preferentemente. De forma subsidiaria e previo xustificación dos motivos ante o Departamento de Servizos Sociais, aceptaranse facturas xustificativas doutro tipo de gastos relacionados co inicio do curso escolar, como pagamentos extraordinarios relacionados coa escolarización, roupa e calzado,...

- b) Naqueles supostos nos que non se achegue esta documentación xustificativa iniciárase un procedemento de devolución e restrinxiráselle o acceso a estas prestacións ata que reintegre a contía non xustificada debidamente.

Artigo 7.- Prazo de presentación das solicitudes

O prazo para poder presentar as solicitudes será de vinte (20) días naturais que contarán desde o día seguinte á data de publicación desta convocatoria no Boletín Oficial da Provincia (BOP) da Coruña.

SOLICITUDE DAS PRESTACIÓNS DE APOIO Á ESCOLARIZACIÓN
2018/2019

D/D ^a	
DNI/NIE	

Enderezo	
----------	--

Teléfonos	
Enderezo Electrónico	

MEMBROS DA UNIDADE FAMILIAR SEN INCLUÍR A PERSOA SOLICITANTE

Apelidos	Nome	Centro escolar para o curso 18/19	Curso 18/19	Data de nacemento

Oleiros, de de 2018

Sinatura da persoa solicitante

DOCUMENTACIÓN PARA PRESENTAR COA SOLICITUDE

- a) Fotocopia do documento de identidade ou do permiso de residencia de todas as persoas da unidade familiar. Quedan excluídos desta convocatoria os proxenitores/as, titores/as ou gardadores/as de feito que se atopen en situación irregular a nivel administrativo. Esta excepcionalidade ven imposta por imperativos legais.
- b) Fotocopia do/s libro/s de familia ou documento análogo no suposto de non telo (acta ou partida de nacemento)
- c) Xustificación dos ingresos de todas as persoas maiores de 18 anos da unidade familiar dende xaneiro a abril de 2018:
 - Traballadores/as por conta allea: fotocopia das nóminas
 - Traballadores/as autónomos/as: fotocopia dos xustificantes das cotizacións á Seguridade Social. Teranse en conta como ingresos mínimos mensuais os da base de cotización á Seguridade Social.
 - Pensionistas: xustificante da pensión de incapacidade, xubilación, viuvez, orfandade,...
 - Persoas en situación de desemprego, fotocopia da tarxeta de demanda de emprego e certificado do SEPE/INEM no que se recolla se percibe ou non prestación ou subsidio por desemprego, especificando a contía mensual que corresponda e período recoñecido. Se estivo en activo nalgún momento, nos meses de xaneiro a abril de 2018, deberá presentar as nóminas deses períodos.
- d) Outros: calquera outro ingreso non contemplado nos apartados anteriores, aportando o documento xustificativo correspondente en cada caso.
- e) Vida laboral de todas as persoas maiores de 18 anos da unidade familiar
- f) No caso de cese da convivencia, separación ou divorcio achegarase a sentenza e o convenio regulador, de ser o caso
- g) Copia do contrato de aluguer ou o último recibo do IBI, así como o último xustificante do pago, do aluguer ou da hipoteca, de ser o caso.
- h) Calquera outra documentación que se considere necesaria para poder valorar a situación de necesidade por parte do persoal técnico do Departamento de Servizos Sociais, como por exemplo a declaración do IRPF, extracto das contas bancarias, ...
- i) Volante de convivencia (achegarao de oficio o Concello de Oleiros)